



CIRCULAR INFORMATIVA 15/2024

1. CONVOCATORIA DE XUNTA XERAL (2ª/2024)

Día: 23.12.2024

Hora: 12.00 h

Lugar: salón de actos do ICA Santiago

De acordo co establecido nos artigos 93 e 97 do Estatuto do Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela e segundo o acordo da Xunta de Goberno na sesión do 11.11.2024, convócase a Xunta Xeral (2ª de 2024) para o vindeiro 23 de decembro, ás 12.00 h, no salón de actos do ICA Santiago, conforme á seguinte orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da última xunta xeral
2. Exame e votación do orzamento para o exercicio 2025
3. Proposta de creación do Fondo-Obra Social do ICA Santiago
4. Rogos e preguntas

Documentación relacionada:

— Convocatoria asinada (PDF anexo)

— [Orzamento 2025](#)

2. LISTAS PARA ACTUAR COMO ADMINISTRADORES CONCURSAIS 2025

Coma cada ano, antes do 31.12.2024 o Colexio da Avogacía remite aos xulgados do Mercantil da Coruña unha lista actualizada con todos os colexiados dispostos a actuar como administradores concursais.

Por ese motivo, ábrese un **prazo ata o día 05.12.2024, ás 14.00 h**, para que os colexiados e as colexiadas interesadas poidan solicitar por escrito ante a secretaría do Colexio a súa inclusión nesta lista. As solicitudes poderán remitirse á conta: rexistro@icasantiago.org

Os colexiados e colexiadas que figuraban de alta na lista do ano anterior continuarán de forma automática na lista que se elabore para o 2025, salvo que comuniquen a súa baixa por escrito.

Os requisitos de acceso á lista son os seguintes:

- Ser letrado/a exercente.
- Posuír un mínimo de cinco anos de antigüidade no exercicio efectivo da avogacía.
- Dispoñer de alta no seguro de responsabilidade civil coas coberturas esixidas pola Lei concursal

As sociedades profesionais que soliciten a alta nesta lista deberán cumprir os requisitos previstos na Lei 2/2007, do 15 de marzo, de sociedades profesionais, así como o aplicable na Lei concursal.